



PLAN DIXITAL

[IES de Ponte Caldelas]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: IES de Ponte Caldelas

Código do centro: 36020313

Enderezo: Valdarrosa sn (Ponte Caldelas)

Código Postal: 36820

Teléfono: 886151477

Fax: 886151485

Correo electrónico: ies.pontecaldelas@edu.xunta.gal

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iespontecaldelas/>

Etapas educativas: ESO e Bacharelato

Número de alumnos: 328

Número de profesores:39

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O contorno xeográfico do I.E.S. de Ponte Caldelas está composto por tres concellos: Ponte Caldelas, A Lama e Fornelos de Montes. Territorialmente abrangue unha área moi ampla (281 km²) que significa pasar das proximidades da costa e da capital provincial a chegar á fronteira coa provincia de Ourense en plena Serra do Suído, límite natural entre a Galicia costeira e a interior. O relevo accidentado desta terra de montes e vales con numerosas pendentes dificulta a dispoñibilidade de solo apto para o desenvolvemento de actividades agrícolas, o que predispón cara a unha maior importancia das actividades forestais. En medio desta maraña de serras, paralelas entre si, que poñen trabas a unha circulación leste – oeste, aparecen dous ríos que organizan un espazo aparentemente caótico. Son os ríos Verdugo e Oitavén, que aproveitando as fracturas de orientación NESW, tan características do bloque costeiro galego, desembocan na ría de Vigo á altura de Arcade. As fracturas crean vales que provocan unha apertura física cara á Ría de Vigo, como se pon de manifesto no concello de Fornelos ou no concello de Ponte Caldelas na parte limítrofe con Soutomaior. Dende moitas das atalaias das que dispoñen estes concellos pode sorprendernos albiscar as Illas Cíes ou a Ponte de Rande, e ollando en sentido contrario atoparnos coa mole da serra do Cando ou a serra do Suído, aproveitadas para a produción eólica, no límite cos concellos ourensáns de Avión e Beariz.

Un territorio tan accidentado provoca que a distancia percibida respecto da costa e, en consecuencia, da área máis dinámica a nivel económico, sexa maior que a que espacialmente existe, acentuando o seu carácter de subcomarca de transición cara ao interior de Galicia. De feito, podemos dicir que participa de moitas máis características do interior, a pesar da súa

proximidade a núcleos urbanos como Pontevedra ou Vigo. A falta dun dinamismo propio, son estas dúas cidades as que atraen a poboación traballadora dos nosos concellos. Ponte Caldelas e A Lama orbitan na área de influencia de Pontevedra, mentres que Fornelos aparece incluída dentro da área territorial urbana de Vigo. Sen embargo, afirmar isto sen máis sería válido se a escala de análise do territorio non se interesara polo detalle porque se aumentamos o "zoom" descubriríamos unha zona con interesantes potencialidades que ata agora permaneceron durmidas. Neste nivel, o concello mellor equipado e que pode ofrecer un certo grao de servizos máis variados e especializados é o de Ponte Caldelas. De feito, ser sede deste servizo educativo de secundaria e bacharelato concédelle un atractivo para a poboación moza. A vila de Ponte Caldelas goza dunha maior presenza de mozos que animan o lecer da fin de semana e serve como punto de encontro. Como veremos, son tres concellos de forte carácter rural, regresivos demograficamente, que padeceron unha emigración crónica ao longo dun século e medio, pero que están ben situados respecto das dúas cidades reitoras da provincia, algo do que se deberían beneficiar se no futuro logran desenvolver actuacións de carácter endógeno que resulten atractivas para a propia poboación e para os "urbanitas" máis próximos.

Este Plan Dixital incorpórase ao Proxecto Educativo do centro e contribuirá a mellorar a competencia dixital do profesorado e do alumnado, algo fundamental dado o carácter rural e o nivel económico da zona na que se atopa. Unha das prioridades do actual Proxecto Educativo é potenciar as infraestruturas e os equipamentos dixitais do centro e este Plan contribuirá activamente a esta labor.

O Plan Dixital será unha parte importante dentro da Programación Xeral Anual do curso 2022/2023 polas numerosas accións que se terán que por en marcha para poder completar satisfactoriamente os obxectivos marcados.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Ao longo do curso 2021/2022 foi necesario elaborar no centro o Plan Dixital de acordo coa lexislación seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Para elaborar este Plan Dixital foi necesario facer previamente unha recollida e análise de datos. Para a recollida de datos empregouse o cuestionario SELFIE da Unión Europea que foi respostado por Equipo Directivo, profesores con máis de un ano de antigüidade no centro e alumnos. Para recoller as respostas dos alumnos organizouse un horario de uso da aula de informática para que todos os alumnos do centro foran a respostar a enquisa dentro do seu horario lectivo. Outra ferramenta empregada para a recollida de datos foi o Test de Competencia Dixital Docente dirixido a todo o profesorado do centro.

Unha vez recollidos os datos fixemos unha análise dos informes de resultados que, xunto co coñecemento que teñen do centro as persoas que forman parte do Equipo de Dinamización do Plan Dixital, nos levou a elaborar un DAFO moi representativo da nosa realidade.

A partir do DAFO buscamos uns cantos obxectivos e accións realistas e que consideramos que podemos cumprir no vindeiro curso académico e elaboramos este Plan Dixital do IES de Ponte Caldelas.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

No noso centro temos unha rede cableada pero que é necesario sanear porque non hai unha conexión fiable (hai moitos momentos en que a conexión vai e ven) e no rack hai unha mestura de cables debido aos diversos técnicos que veñen, arranxan un problema puntual pero deixan cables desconectados, switchs apagados e unha maraña difícil de entender.

En canto ás redes sen fíos hai varias operando no centro pero non hai ningunha con cobertura en todo o IES. É necesario que a rede edu.xunta teña cobertura en todo o centro para que o profesorado non teña que recurrir, como ocorre con frecuencia, ás súas conexións de datos privadas.

Por outra banda o centro conta con unha infraestrutura de voz (telefonía) funcionando correctamente.

O equipamento dispoñible no centro é bastante obsoleto e está distribuído da seguinte maneira:

Aulas dixitalizadas

- Aulas ordinarias 18 (3 sen EDI)
- Aulas específicas 10 (7 sen EDI)
- Laboratorios 3 (sen EDI)

Xestión e administración

8 ordenadores e 4 impresoras

Biblioteca

7 ordenadores e 3 impresoras

Sala de profesores e departamentos

- Sala de profesores: 6 ordenadores e 1 impresora
- Departamentos: 4 ordenadores

Aula de Informática

22 ordenadores

Os servizos dixitais educativos empregados son a páxina web do centro (que pretendemos mellorar para o vindeiro curso), a aula virtual para a educación non presencial, espazoAbalar e Abalarmóbil (que fomentaremos o seu uso entre o profesorado e as familias) e o paquete educativo de Google co dominio @iespontecaldelas.com. Somos conscientes de que o uso do paquete educativo de Google supón un risco en materia de protección de datos polo que temos a firme intención de migrar todas estas contas de profesorado e alumnado a ferramentas corporativas cunha funcionalidade similar sempre que estas funcionen correctamente e sexan fiables.

O mantemento do equipamento do centro lévano o Xefe de Estudos e o Coordinador TIC coa axuda dunha empresa externa coa que temos contratado unhas horas mensuais de asistencia técnica.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		3.1	3		
	Profesorado		3.3	3.1		
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		2	2.1		
	Profesorado		2.7	2.5		
	Alumnado		2.5	2.9		
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		3.7	3.4		
	Profesorado		3.1	3		
	Alumnado		2.8	2.6		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		3	2.9		
	Profesorado		3.5	3.1		
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		3.9	3.9		
	Profesorado		3.7	3.8		
	Alumnado		3.6	3.7		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3.3	3.1		
	Profesorado		3	2.8		
	Alumnado		3	3.1		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		2.9	2.8		
	Profesorado		2.7	2.4		
	Alumnado		2.6	2.5		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3	3.3		
	Profesorado		3.4	3.2		
	Alumnado		3.1	3		

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	21	27	77.8%
PROVISIONAL	2	4	50%
INTERINO	5	7	71.4%
SUBSTITUTO	1	2	50%
DESPLAZADO	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
68.9	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	67.8	Integrador/a (B1)	79.2	Integrador/a (B1)
BAC	68.9	Integrador/a (B1)	77.9	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0%
A2	15	50%
B1	12	40%
B2	3	10%
C1	0	0%
C2	0	0%
TOTAL	30	100%

Outras fontes:

Coñecemento que teñen do centro as persoas que forman parte do Equipo de Dinamización do Plan Dixital.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Dispositivos dixitais para o ensino. 2. Características do software instalado nos equipos. 3. Características das plataformas e aplicativos online utilizados. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Conexión a internet pouco fiable ou lenta. 2. Ausencia dunha rede wifi que funcione en todo o centro.
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Recursos educativos en liña. 2. Comunicación coa comunidade educativa. 3. Participación no DPC. 4. Adopción de innovacións educativas por parte do profesorado. 5. Incorporación de tecnoloxías dixitais para a avaliación. 6. Utilización de recursos dixitais para observar e documentar os progresos. 7. Uso activo e creativo de aulas virtuais. 8. Estabilidade laboral do persoal docente. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Tempo para explorar o ensino dixital. 2. Avaliación do progreso. 3. Colaboracións. 4. Necesidades de DPC. 5. Intercambio de experiencias. 6. Adaptación ás necesidades do alumnado. 7. Proxectos interdisciplinares. 8. Avaliación das capacidades. 9. Retroalimentación axeitada. 10. Autorreflexión sobre o aprendizaxe. 11. Comentarios a outros alumnos sobre o seu traballo. 12. Avaliación dixital. 13. Documentación do aprendizaxe. 14. Empleo de datos para mellorar o aprendizaxe. 15. Avaliación das capacidades desenvolvidas fora do centro.
	PERSOAL NON DOCENTE		<ol style="list-style-type: none"> 1. Estabilidade laboral do persoal non docente.
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Dinámicas para reflexionar sobre o uso da tecnoloxía. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Dispositivos dixitais para o aprendizaxe. 2. Outorgar recoñecemento ao traballo dos demais. 3. Aprender a codificar ou programar. 4. Resolver problemas técnicos. 5. Alumnos con competencias dixitais insuficientes. 6. Acceso limitado do alumnado a unha conexión estable de internet.
	FAMILIAS		<ol style="list-style-type: none"> 1. Baixa competencia dixital das familias. 2. Participación das familias.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Estratexia dixital. 2. O centro educativo ten unha comunicación regular e ben organizada coas familias e/ou titores. 3. Existencia de canles de comunicación entre as diferentes etapas do centro. 4. Participación en proxectos interdisciplinares. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Sinerxias para o ensino e o aprendizaxe a distancia. 2. Traer o propio dispositivo. 3. Tecnoloxías asistenciais. 4. Bibliotecas/repositorios en liña. 5. Avaliación dixital.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Achegas económicas que recibe o centro. 2. Actuacións da administración educativa. 	
	LEXISLACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> 1. Normas sobre dereitos de autor e licenzas de uso. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Lexislación educativa.
	CONTORNA		<ol style="list-style-type: none"> 1. Condicións socioeconómicas da contorna. 2. Oferta de actividades formativas e as condicións para a participación.
	ANPA	<ol style="list-style-type: none"> 1. Relación coa ANPA. 	
	OUTRAS ENTIDADES	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existencia de proxectos externos. 2. Colaboración con institucións alleas ao centro educativo. 	

3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

Incidirase en obxectivos que supoñan unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir da análise DAFO elaboramos o Plan de Acción tratando de mellorar o centro a través de obxectivos realistas e que consideramos que podemos cumprir no vindeiro curso académico. Todos estes obxectivos son específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal. Os obxectivos están contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Todos os obxectivos e accións asociadas aparecen reflectidos nunhas táboas ao final deste punto 3 do documento. As mesmas táboas empregaranse para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Tendo en conta a situación descrita con anterioridade, as necesidades de infraestruturas tecnolóxicas e de equipamento detectadas durante a elaboración deste Plan son:

- Mellorar a rede cableada no centro. Saneamento integral da rede para obter unha rede fluída en todas as zonas do IES. No centro non hai unha conexión fiable (hai moitos momentos en que a conexión vai e ven) e no rack hai unha mestura de cables debido aos diversos técnicos que veñen, arranxan un problema puntual pero deixan cables desconectados, switchs apagados e unha maraña difícil de entender.
- Establecer unha rede Wifi única funcionando correctamente en todo o centro. É necesario que a rede edu.xunta teña cobertura en todo o centro para que o profesorado non teña que recurrir, como ocorre con frecuencia, ás súas conexións de datos privadas.
- 13 EDI e portátil do profesor para conseguir dixitalizar todas as aulas do IES. Das 31 aulas coas que conta o centro hai 13 que non dispoñen de EDI e teñen uns ordenadores obsoletos. Solicitamos os EDI e os portátiles coa fin de unificar o centro e permitir ao profesorado preparar as clases dun xeito uniforme e non ter que depender da aula para preparar uns materiais ou outros.
- 25 ordenadores de sobremesa para montar unha segunda aula de informática. Cada día é máis importante a dixitalización do alumnado nos centros educativos como pon de manifesto a elaboración deste Plan. A partir do curso que ven incorpóranse á oferta educativa as materias de "Tecnoloxía e dixitalización" coa necesidade de dispoñer dun aula de informática para poder impartilas. É imprescindible esa segunda aula de informática para poder atender satisfactoriamente a toda a oferta educativa actual.

- Mellora das ferramentas corporativas para poder traballar con elas na nosa práctica diaria e así poder prescindir da suite de Google. Algúns aspectos a mellorar serían implementar o correo electrónico para o alumnado e ter un Abalarbox con bastante capacidade para profesorado e alumnado coa opción de compartir documentos para facer traballo cooperativo.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área de mellora: Liderado (A)						
OBXECTIVO 1:	Promover o uso da ferramenta AbalarPro				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de Estudos				Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO	Porcentaxe de profesores e familias que utilizan a ferramenta Abalar					
Valor de partida	Descoñecido					
Valor previsto e data	70% dos profesores e 80% das familias			21/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Xeneralizar a petición de informes dos titores a través da aplicación AbalarPro	Xefatura de Estudos	21/06/2023	Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Xustificar as faltas de asistencia e concertar as citas de tutoría a través da aplicación "Abalar Móbil"	Xefatura de Estudos	21/06/2023	Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: Liderado (A)						
OBXECTIVO 2:	Actualizar a páxina web do centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de Estudos				Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO	Indicador binario					
Valor de partida	Non actualizada					
Valor previsto e data	Actualizada			21/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A02.1: Actualizar os datos do centro e dos departamentos	Xefatura de Estudos	21/06/2023	Dispositivos do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Mellorar os enlaces externos	Xefatura de Estudos	21/06/2023	Dispositivos do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Facer unha pequena reestruturación	Xefatura de Estudos	21/06/2023	Dispositivos do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: Liderado (A)						
OBXECTIVO 3:	Garantir a protección de datos de profesorado e alumnado				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos				Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO	Porcentaxe de contas migradas a ferramentas corporativas					
Valor de partida	0% de contas migradas					
Valor previsto e data	100% de contas migradas			21/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Ter unhas ferramentas corporativas potentes e operativas	Consellería de Educación	21/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Migrar todos os servizos do dominio iespontecaldelas.com a ferramentas corporativas	Xefatura de estudos	21/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: Colaboración e redes (B)						
OBXECTIVO 4:	Colaborar con outras entidades para desenvolver a competencia dixital				Acadado	
RESPONSABLE:	Vicedirección				Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO	Número de colaboracións con outras entidades (Instrumento: Memoria anual)					
Valor de partida	2 colaboracións (charlas, videochamadas, obradoiros...)					
Valor previsto e data	4 colaboracións (charlas, videochamadas, obradoiros...)			21/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Solicitar as charlas do Plan Director da Garda Civil e Policía Nacional sobre "Novas Tecnoloxías"	Vicedirección.	21/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Solicitar o programa "Navega con rumbo" do Colexio Profesional de Enxeñaría de Informática de Galicia	Vicedirección	21/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Contactar con entidades para charlas de diferentes temas (orientación laboral, coñecemento profesional, medio ambiente, ciencia en galego...)	Vicedirección	21/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: Infraestruturas e equipos (C)						
OBXECTIVO 5:	Mellorar infraestruturas de rede				Acadado	
RESPONSABLE:	Consellería de Educación				Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO	Calidade da rede					
Valor de partida	Rede deficiente e Wifi sen cobertura en todo o centro					
Valor previsto e data	Rede fluída e Wifi en todo o centro			22/12/22022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Mellorar a rede cableada no centro. Saneamento integral da rede para obter unha rede fluída en todas as zonas do IES	Consellería de Educación	22/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Establecer unha rede Wifi única funcionando correctamente en todo o centro	Consellería de Educación	22/12/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: Desenvolvemento Profesional Continuo (D)						
OBXECTIVO 6:	Mellorar a competencia dixital do profesorado				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador do Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO	Porcentaxe de profesorado facendo formación en competencia dixital					
Valor de partida	Descoñecido					
Valor previsto e data	50% do profesorado participa nas formacións			21/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO6.1: Crear un ou varios PFPP no centro sobre competencia dixital con microformacións concretas.	Coordinador do Plan Dixital	21/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: Competencias dixitais do alumnado (H)						
OBXECTIVO 7:	Mellorar a competencia dixital do alumnado				Acadado	
RESPONSABLE:	Profesorado da materia "Tecnoloxía e dixitalización"				Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO	Porcentaxe de alumnado de 1º ESO que manexa as ferramentas dixitais a nivel básico. O índice para medilo será a cualificación da materia na parte que traballe eses contidos.					
Valor de partida	Descoñecido					
Valor previsto e data	80% do alumnado de 1º ESO sabe usar a aula virtual, ler e escribir correos electrónicos...			21/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A07.1: Formar ao alumnado de 1º ESO sobre aula virtual, correo electrónico... en varias sesións da materia "Tecnoloxía e dixitalización".	Profesorado da materia "Tecnoloxía e dixitalización"	21/06/2023	Aula de informática para impartir as sesións.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

Para a avaliación deste Plan establecemos dous tipos de avaliación, a avaliación procesual e a avaliación final.

Avaliación procesual

Os encargados de realizar esta avaliación serán os responsables das accións e obxectivos descritos nas táboas anteriores. Realizarase unha vez ao trimestre e valorarase o estado de execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

Avaliación final

O encargado de realizar esta avaliación será o coordinador do Plan Dixital. Realizarase ao finalizar o curso 2022/2023 e consistirá na valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Para a difusión do Plan Dixital estableceremos un enlace visible na web do centro para que toda a comunidade educativa poida consultalo en calquera momento.

Ademais, durante o proceso de elaboración do Plan, difundíronse os obxectivos elaborados polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital a toda a comunidade educativa para recoller as súas suxestións e achegas.